



*Transferencia de Crédito 012T/20 (52/20)*  
*Expte. cividas nº 2020041418*  
*Expte. relacionado: 2020041120*  
*TR – 012T/2020*

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/247/2020), do 23/11/2020, refrendado polo Sr. Concelleiro delegado de Facenda na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Sr. Concelleiro delegado de Servizos Xerais, mediante solicitude do 18/11/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de data 30/11/2020 (ref: 12-T/20), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,  
**ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 012-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

### **Área de gasto 9**

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
N120.9200.62300	Maquinaria, instal. téc. e utillaxe Serv. Xerais	7.744,00
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>7.744,00 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
N280.9200.12101	Complemento específico Servizos Xerais	7.744,00
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>7.744,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Servizos Xerais** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

